

**REUNIÓN DA COMISIÓN 1ª,
INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN
XERAL, XUSTIZA E INTERIOR**

Día: 21.11.2025 Hora: 10:30

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 21 de novembro de 2025, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

- Punto 1.** Elaboración do ditame á vista do Informe da Ponencia sobre a Proposición de lei de modificación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, doc. núm. 27520 (12/PPL-000009)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 213, do 20.06.2025
Publicación do Informe da Ponencia, BOPG n.º 286, do 19.11.2025

Punto 2. Proposicións non de lei

- 2.1 26227 (12/PNC-002439)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pérez López, Noelia e 7 máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co obxecto de que cree en Ourense, con carácter urgente, un grupo operativo completo da Unidade de Prevención e Reacción da Policía Nacional
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 206f1, do 04.06.2025
- 2.2 26247 (12/PNC-002443)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 6 máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe realizar ao Goberno central co obxecto de que incremente as prazas de secretarios, tesoureiros e interventores para os concellos galegos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 206f1, do 04.06.2025
- 2.3 32570 (12/PNC-002833)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia
Sobre a creación dun programa de terapia con animais para vítimas de violencia de xénero que fomente a adopción e unha nova vida para elas e os animais
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 248f1, do 04.09.2025
- 2.4 34513 (12/PNC-003010)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Suárez Fernández, Iago e 2 máis
Sobre a demanda á Xunta de Galicia de información verbo do seu apoio económico á Regata Rey Juan Carlos I de Sanxenxo e de transparencia neste tipo de contratos de patrocinio

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 263f1, do 01.10.2025

- 2.5 37364 (12/PNC-003240)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Castro Rey, Paloma
Sobre as accións que o Goberno galego debe levar a cabo en relación coa controversia protagonizada polo Concello de Ferrol a raíz da placa de homenaxe a Pablo Iglesias Posse e coa obstaculización de actos vinculados á memoria histórica
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 276, do 29.10.2025

- 2.6 38291 (12/PNC-003332)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis
Sobre as demandas dirixidas á Xunta de Galicia no que atinxe á creación dun corpo galego de policía e ás condicións e recursos cos que conta a Unidade de Policía Adscrita (UPA)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 283f1, do 12.11.2025

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2025

Julio García Comesaña
Presidente da Comisión

**RELACIÓN DE MEMBROS DE
COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE
ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR**
POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Julio García Comesaña	P
Vicepresidente	
Roberto Rodríguez Martínez	P
Secretaria	
Paloma Castro Rey	S

Vogais

María Cristina Fernández Davila	BNG
Patricia Iglesias Rey	S
Óscar Insua Lema	BNG
Argimiro Marnotes Fernández	P
Paula Mouzo Mas	P
Armando Ojea Bouzo	M
José Alberto Pazos Couñago	P
Carmen María Pomar Tojo	P
Paula Prado del Río	P
María Felisa Rodríguez Carrera	P
Iago Suárez Fernández	BNG
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro	BNG
Iria Taibo Corsanego	BNG
Katherinie Varela Fernández	P

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 21.11.2025 Hora: 10:30

Orde do día

1. Elaboración do ditame á vista do Informe da Ponencia sobre a
Proposición de lei de modificación da Lei 3/2012, do 2 de
abril, do deporte de Galicia, doc. núm. 27520 (12/PPL-000009)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 213, do 20.06.2025
Publicación do Informe da Ponencia, BOPG n.º 286, do
19.11.2025

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 21.11.2025 Hora: 10:30

Orde do día

2. **Proposicións non de lei**

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 21.11.2025 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 26227(12/PNC-002439)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 7 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao
Goberno central co obxecto de que cree en Ourense, con
carácter urxente, un grupo operativo completo da Unidade de
Prevención e Reacción da Policía Nacional

Publicación da iniciativa, 206f1, 04.06.2025

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das deputadas e deputados, **Noelia Pérez López, Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, Felisa Rodríguez Carrera, Roberto Rodríguez Martínez e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Exposición de motivos

A seguridade cidadá é un pilar fundamental para garantir a calidade de vida e o benestar dos veciños. Nunha sociedade democrática, a seguridade é un dereito que debe ser protexido polas administracións, e nestes momentos a cidadanía de Ourense está a reclamala con máis forza ca nunca.

Os últimos datos oficiais que temos do Ministerio do Interior, correspondentes ao cuarto trimestre do ano 2024, reflicten un leve descenso da criminalidade na cidade de Ourense. Non obstante, estes datos xa non reflicten a realidade actual. Durante os primeiros meses de 2025 a situación empeorou notablemente, cun incremento evidente de delitos violentos, liortas, roubos e actos vandálicos en toda a cidade, pero, especialmente nos barrios de A Ponte, O Pino, O Vinteún.

A realidade é que a percepción de inseguridade entre a poboación é moi alta, porque os feitos delituosos están a afectar directamente a comerciantes, hostaleiros e veciños. Ademais, cada vez son máis as persoas que deciden non denunciar por desconfianza nas institucións ou por considerar que non serve para nada.

A situación é especialmente grave en barrios como A Ponte, onde a veciñanza xa expresou publicamente que a súa paciencia está esgotada. As denuncias pola falta de presenza policial son constantes, e mesmo se puxeron en marcha recollidas de sinaturas para esixir solucións inmediatas, sen descartar a convocatoria dunha manifestación veciñal.

A isto temos que sumar un problema estrutural: Ourense leva anos padecendo unha grave falta de efectivos nos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado, obxecto de reclamación polo Grupo Parlamentario Popular neste Parlamento en numerosas ocasións.



En relación a isto, a finais do pasado ano, o ministro do Interior, Fernando Grande-Marlaska, anunciou un reforzo en Ourense da Unidade de Prevención e Reacción (UPR) da Policía Nacional, promesa que a día de hoxe segue sen cumprirse.

Cómpre lembrar que as UPR foron concibidas como unidades especializadas na prevención da delincuencia, o mantemento da orde pública e a intervención inmediata ante situacións de risco, ademais de ofrecer apoio a outras unidades ou servizos. Porén, a Comisaría Provincial de Ourense só conta cun Subgrupo da UPR sen catalogar ao completo, é dicir, non ten a unidade mínima necesaria para actuar con eficacia, e ademais varios postos están vacantes. A situación óptima sería dispor dun Grupo Operativo cun mínimo de 30 axentes, pero actualmente só hai 10 efectivos, o que resulta claramente insuficiente para garantir a orde pública e a seguridade na cidade.

A cidadanía de Ourense non pode seguir agardando. Urxe tomar medidas reais, efectivas e inmediatas que dean resposta a unha preocupación crecente e xustificada.

En base ao anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia, a dirixirse ao Goberno de España para crear, con carácter urgente, un Grupo Operativo completo da Unidade de Prevención e Reacción (UPR) da Policía Nacional na cidade de Ourense, co obxectivo de que poidan realizar de forma eficaz as funcións que lles son propias: prevención da delincuencia, mantemento da orde pública e actuación inmediata ante situacións de risco”.

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:


Alberto Pazos Couñago na data 23/05/2025 10:17:43

Noelia Pérez López na data 23/05/2025 10:18:02

Paula Prado del Rio na data 23/05/2025 10:18:14

Julio García Comesaña na data 23/05/2025 10:18:29

Argimiro Marnotes Fernández na data 23/05/2025 10:18:41






PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/05/2025 11:37:45
Nº Rexistro: 26227
Data envío: 23/05/2025 11:37:45.565

Paula Mouzo Mas na data 23/05/2025 10:18:54

María Felisa Rodríguez Carrera na data 23/05/2025 10:19:05

Roberto Rodríguez Martínez na data 23/05/2025 10:19:14

Katherinie Varela Fernández na data 23/05/2025 10:19:29



CSV REXPO-neuUYd+8

Verificación

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 21.11.2025 Hora: 10:30

Orde do día

2.2 26247(12/PNC-002443)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe realizar ao
Goberno central co obxecto de que incremente as prazas de
secretarios, tesoureiros e interventores para os concellos
galegos

Publicación da iniciativa, 206f1, 04.06.2025

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados, **Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, Felisa Rodríguez Carrera, Roberto Rodríguez Martínez e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

Exposición de motivos

Os concellos galegos, polo seu tamaño e dispersión, teñen dificultades para a cobertura dalgúns postos de funcionarios, tales como secretario, interventor ou tesoureiro.

O interventor ocúpase de levar o control e a fiscalización dos gastos e ingresos públicos, así como a contabilidade dos concellos, supervisando e auditando o seu funcionamento con base en certos parámetros legais e normativos, mentres que o tesoureiro é o xefe da Unidade de Recaudación a nivel local, e polo tanto ten ao cargo o manexo e a custodia dos fondos municipais.

Pese a que o Goberno galego reiterara ao Goberno central a reclamación de que incrementa o número de prazas e a cobertura destes postos de traballo, a realidade é que moitos concellos teñen estes postos vacantes.

Para intentar paliar no posible esta situación, a Administración autonómica creou en 2017, de xeito pioneiro, una bolsa autonómica de interinos para cubrir postos de funcionarios con habilitación de carácter nacional.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reiterar ao Goberno de España, a necesidade urxente de aumentar as prazas para cubrir os postos de secretarios, interventores e tesoueiros dos concellos galegos.”

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510


gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/05/2025 11:47:01
Nº Rexistro: 26247
Data envío: 23/05/2025 11:47:01.933

Alberto Pazos Couñago na data 23/05/2025 11:21:44



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 21.11.2025 Hora: 10:30

Orde do día

2.3 32570(12/PNC-002833)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a creación dun programa de terapia con animais para
vítimas de violencia de xénero que fomente a adopción e unha
nova vida para elas e os animais

Publicación da iniciativa, 248f1, 04.09.2025



Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2025 13:56:09
Nº Rexistro: 32570
Data envío: 27/08/2025 13:56:09.695

Asinado o día 27/08/25
13:39
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 1ª**.

No seu discurso de investidura o presidente Rueda prometeu medidas para fomentar as adopcións e loitar contra o abandono de animais de compañía, animaba á cidadanía a darlle a estes animais unha segunda vida e afirmaba que una Galicia con máis mascotas sería una Galicia mellor.

Nós compartimos esta necesidade de implementar políticas de loita contra o abandono e de adopción de mascotas e cremos nos beneficios que un animal de compañía pode reportar.

Neste sentido, a experiencia práctica dos últimos anos no tratamento sociosanitario e preventivo da violencia de xénero e as súas consecuencias demostrou o efecto beneficioso que o acompañamento permanente das mascotas e sobre todo dos cans ten sobre as vítimas.

Quedou demostrado que a terapia psicolóxica de recuperación asistida con cans de acompañamento, consegue desenvolver un vínculo estreito entre o can e a muller vítima, e con iso un apoio psicolóxico e emocional as 24 horas ao día, axudando a recuperar a autoestima, confianza e seguridade.

Desde o PSdeG creemos que Galicia, como xa o fixeron outras comunidades autónomas debería apostar por este tipo de terapias xa que teñen demostrado uns resultados moi beneficiosos cara á recuperación psicolóxica e emocional

Asinado o día 27/08/2025 ás
13:39
Por Patricia Iglesias Rey

Asinado o día 27/08/2025 ás
13:39
Por Paloma Castro Rey

CSX-REVPG-KGJApds-52
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2025 13:56:09
Nº Rexistro: 32570
Data envío: 27/08/2025 13:56:09.695

de mulleres vítimas de violencia de xénero, así como empoderamento e confianza para poder iniciar un novo proxecto de vida.

Por iso, desde o Grupo Socialista solicitamos ao goberno da Xunta que dentro das políticas de fomento da adopción de animais de compañía que prometeu implementar nesta lexislatura inclúa a creación do Programa de terapia asistida con animais a vítimas de violencia de xénero (mulleres ou menores) que poida supoñer o inicio dunha nova vida para o can e a súa dona.

Unha terapia asistida con cans que traballe coas vítimas de violencia de xénero e os seus fillos e fillas á vez que fomenta e se conciencia sobre a adopción animal, polo que ambas partes resultan beneficiadas.

Programas que busquen traballar a situación psicolóxica da vítima, potenciando a súa autoestima, e axudando a superar o trauma sufrido pola situación de maltrato, empregando ao animal con estes fins terapéuticos e utilizando a denominada estratexia WIN-WIN para argumentar a introdución dos cans de diferentes protectoras, que foron maltratados e abandonados, para dar orixe a unha axuda mutua entre a muller e o animal.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que dentro das políticas de fomento da adopción de animais de compañía inclúan a creación do Programa de terapia asistida con animais a vítimas de violencia de xénero (mulleres ou menores) que poida supoñer o inicio dunha nova vida para o can e a súa dona.

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2025

CSV REXPO-aK8-Mpds5-2
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 27/08/2025 13:39:15

Patricia Iglesias Rey na data 27/08/2025 13:39:24

José Ramón Gómez Besteiro na data 27/08/2025 13:39:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2025 13:56:09
Nº Rexistro: 32570
Data envío: 27/08/2025 13:56:09.695

CSV REXPO-a8J4pds5-2
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/08/2025 13:56:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2025 13:56:09
Nº Rexistro: 32570
Data envío: 27/08/2025 13:56:09.695



CSV REXPO-a8J4p-ds5-2
Validación:
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 21.11.2025 Hora: 10:30

Orde do día

2.4 34513(12/PNC-003010)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia de información verbo do
seu apoio económico á Regata Rey Juan Carlos I de Sanxenxo e
de transparencia neste tipo de contratos de patrocinio

Publicación da iniciativa, 263f1, 01.10.2025



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2025 17:16:00
Nº Rexistro: 34513
Data envío: 22/09/2025 17:16:00,257

Asinado o día 22/09/2025 ás 17:13
Por María Montserrat

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Iago Suárez Fernández**, **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, sobre a achega económica feita pola Xunta de Galiza sen concurso público á regata Juan Carlos I de Sanxenxo.

Asinado o día 22/09/2025 ás 17:13
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

140.000 euros. Esa foi a cantidade de diñeiro público entregada pola Xunta de Galiza e a Deputación de Pontevedra á regata Juan Carlos I de Sanxenxo. No caso da Deputación de Pontevedra a cantidade entregada foi de 81.818,18 euros mentres que a da Xunta foi de 60.000 euros, segundo informaba o diario 'El Salto'.

No caso dos dous contratos foron executados a través da modalidade de negociados sen publicidade. Coa excusa de patrocinar o turismo deportivo ou o turismo de Galiza, entrégase “a dedo” unha cantidade desorbitada do diñeiro de todas as galegas e galegos para que o rei emérito poida ter o seu momento de gloria no noso país.

Dado que a capacidade de fiscalización deste contratos é practicamente nula (non hai ningunha plataforma de transparencia que permita ver os detalles dos contratos) vémonos desde o Grupo Parlamentar do BNG na obriga de traer esta cuestión ao Parlamento galego. O deporte galego sofre de fondas eivas, tamén en moitas federacións deportivas, que deben ser resoltas polo goberno galego. Tal cantidade de diñeiro público podería ser de grande utilidade por moitas entidades ou federacións para

Asinado o día 22/09/2025 ás 17:13
Por Iago Suárez Fernández

CSV: REVPG-ZarWFbICA-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



promocionar o deporte galego de base, que é o verdadeiramente interesante para calquera país.


Ademais, o feito de que este diñeiro público servise para unha foto xa infame co presidente da Xunta, o presidente da Deputación de Pontevedra e o rei emérito no podio após a proba dá boa conta dos intereses do PP á fronte da Xunta de Galiza e dá unha imaxe tremendamente negativa do noso país. É por iso que pedimos transparencia máxima ao goberno galego neste tipo de contratos. Non se pode xogar deste modo co diñeiro de todas as galegas e galegos.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Facilitar antes da fin do actual período de sesións o contrato de patrocinio da Xunta de Galiza coa regata Juan Carlos I de Sanxenxo do ano 2025.
2. Practicar unha política de transparencia total neste tipo de contratos de patrocinio no futuro”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 22/09/2025 17:13:20

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 22/09/2025 17:13:27

María Montserrat Prado Cores na data 22/09/2025 17:13:35

Ana Pontón Mondelo na data 22/09/2025 17:13:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2025 17:16:00
Nº Rexistro: 34513
Data envío: 22/09/2025 17:16:00.257

CSV REXPO-Z4WFBICA-8
Verificar
<https://secre.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/09/2025 17:16:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2025 17:16:00
Nº Rexistro: 34513
Data envío: 22/09/2025 17:16:00.257



CSV REXPG-Z4WFBHCA-8
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 21.11.2025 Hora: 10:30

Orde do día

2.5 37364(12/PNC-003240)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e Castro Rey, Paloma

Sobre as accións que o Goberno galego debe levar a cabo en relación coa controversia protagonizada polo Concello de Ferrol a raíz da placa de homenaxe a Pablo Iglesias Posse e coa obstaculización de actos vinculados á memoria histórica

Publicación da iniciativa, 276, 29.10.2025



Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 17:08:02
Nº Rexistro: 37364
Data envío: 20/10/2025 17:08:02,873

Asinado o día 20/10/25
17:04
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Aitor Bouza Manso** e **Paloma Castro Rey**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 15 de outubro o Partido Socialista de Ferrol denunciou publicamente as trabas impostas polo alcalde da cidade, José Manuel Rey Varela, á colocación dunha placa conmemorativa en homenaxe a Pablo Iglesias Posse, fundador do PSOE e da UGT e fillo predilecto de Ferrol.

Asinado o día 20/10/2025 ás
17:04
Por Paloma Castro Rey

A iniciativa, sufragada mediante achegas da militancia socialista, pretendía recuperar unha réplica da placa orixinal de Agustín López Miras colocada no antigo Concello en 1927, e posteriormente destruída tras o golpe de Estado de 1936. O Goberno municipal do Partido Popular tería formulado continuas obxeccións e limitacións, impedindo que a placa fose instalada nun espazo céntrico e digno da cidade, propoñendo en cambio unha localización afastada e sen visibilidade.

Estas actuacións son un acto de censura política e simbólica, que supón unha ofensa á memoria democrática e á figura dun ferrolán universal, referente da loita polos dereitos sociais, a igualdade e a xustiza.

Asinado o día 20/10/2025 ás
17:03
Por Aitor Bouza Manso

A Lei de Memoria Democrática recoñece a obriga das administracións públicas de preservar, dignificar e divulgar a memoria das persoas e feitos que contribuíron ao progreso democrático. Entre estas obrigas inclúese a protección e promoción dos espazos e símbolos de memoria, así como a

CSM-REXPG-71CzkTyl-7
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 17:08:02
Nº Rexistro: 37364
Data envío: 20/10/2025 17:08:02.873

colaboración institucional para garantir que ningún concello poña trabas inxustificadas a iniciativas deste tipo.

A actitude do Goberno municipal de Ferrol resulta, por tanto, contraria ao espírito e á letra da normativa vixente en materia de memoria democrática, e transmite unha mensaxe de exclusión ideolóxica incompatible cos valores constitucionais e co pluralismo político que deben inspirar a acción pública.

Resulta necesario que o Parlamento galego e a Xunta de Galicia se pronuncien ante esta situación e defendan o dereito da cidadanía e das entidades sociais a lembrar e homenaxear libremente figuras clave da nosa historia común.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Manifestar publicamente o seu desacordo coa postura adoptada polo Concello de Ferrol en relación coa colocación da placa en memoria de Pablo Iglesias Posse.
2. Condenar as prácticas ou decisións institucionais que poidan supoñer un obstáculo ou unha censura simbólica a actos de recoñecemento e homenaxe vinculados á memoria democrática.
3. Dirixirse ante o Concello de Ferrol para demandar a instalación da placa de Pablo Iglesias Posse no lugar específico solicitado.

Santiago de Compostela, a 20 de outubro do 2025

CSV REXPG-7/CxTyql-7
Verificación
<https://secre.parlamentodegalicia.gal/transmis/cav/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 20/10/2025 17:03:55

Paloma Castro Rey na data 20/10/2025 17:04:02

José Ramón Gómez Besteiro na data 20/10/2025 17:04:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 17:08:02
Nº Rexistro: 37364
Data envío: 20/10/2025 17:08:02.873

CSV REXPG-7/CxTyql-7
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/10/2025 17:08:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 17:08:02
Nº Rexistro: 37364
Data envío: 20/10/2025 17:08:02.873



CSV REXPG-7/CxTyql-7
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 21.11.2025 Hora: 10:30

Orde do día

2.6 38291(12/PNC-003332)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre as demandas dirixidas á Xunta de Galicia no que atinxe
á creación dun corpo galego de policía e ás condicións e
recursos cos que conta a Unidade de Policía Adscrita (UPA)

Publicación da iniciativa, 283f1, 12.11.2025



GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 12:00:33
Nº Rexistro: 38291
Data envío: 06/11/2025 12:00:33.818

Asinado o día 06/11/25
11:58
Por María Montserrat

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, **Oscar Insua Lema** e da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, sobre as previsión para a mellora da policía dependente da Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Estatuto de Autonomía de Galiza prevé, no seu art.27.25 a creación dun corpo de policía propio, previsión que non se chegou a efectivizar, malia que en 2007 chegouse aprobar a Lei de Policía de Galiza, pendente de desenvolvemento pola contumaz negativa do actual Partido Popular de permitir que Galiza conte cun corpo de policía propio, e que sexa a Xunta quen poda determinar a organización, estrutura e medios dunha forza de seguridade e protección dos dereitos fundamentais en Galiza.

No canto de contar co corpo de policía propio previsto no Estatuto, Galiza dispón dunha sección da policía do estado, que organicamente segue a depender do ministerio do interior, e que funcionalmente está adscrita á Xunta de Galiza.

A Unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia foi creada mediante Orde do Ministerio do Interior de 19 de xuño de 1991, tras un acordo administrativo entre o Ministerio do Interior e a Xunta de Galiza en outubro de 1990 no que se determinaban, p.e. as condicións e recursos cos que contaría a unidade. Este Convenio foi puntualmente renovado cada tres anos, agás o subscrito o día 17 de outubro de 2005 que vencido ao final do 2008 a Xunta de Galiza non foi quen de acordar

Asinado o día 06/11/2025 ás
11:58
Por Oscar Insua Lema

Asinado o día 06/11/2025 ás
11:57
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

CSV: REVPG-6zn9Xu99-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 12:00:33
Nº Rexistro: 38291
Data envío: 06/11/2025 12:00:33.818

un novo Acordo que permita actualizar as condicións da Unidade de Policía Adscrita a Galiza.

A falla de vontade do PP de dotar a Galiza cun corpo de policía propio, e a incapacidade para durante 17 anos chegar a acordos co goberno do estado -de diferente cor política, tanto do PSOE, como do propio PP- están a provocar unha grave deterioro da UPA, que ve como mingua o seu cadro de persoal dende 2013, sen que sequera en ningún momento da súa historia chegara a cubrir as previsións do seu catálogo, hoxe obsoleto.

Nas últimas semanas o conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, con competencias tamén en materia de interior, ven ameazando coa privatización da seguridade en edificios públicos, que deixaría de ser atendida por da UPA e pasaría a ser prestado por empresas de seguridade privada. Novamente o Partido Popular aposta pola privatización da atención en servizos esenciais para a poboación.


Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1º.- Creación efectiva do Corpo de Policía Galega previsto na Lei 8/2007 de 13 de xuño.

2º.- En tanto non se fai efectivo o acordado no parágrafo anterior e de acordo co Goberno do Estado realizar as actuacións necesarias para:

a) A sinatura dun novo Acordo Administrativo de Colaboración co Ministerio do Interior do Goberno do Estado en materia policial, que substitúa ao asinado en outubro de 2005, vencido no ano 2008.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 12:00:33
Nº Rexistro: 38291
Data envío: 06/11/2025 12:00:33.818

b) A actualización do catálogo de postos de traballo da Unidade do denominado Corpo Nacional de Policía adscrito á Comunidade Autónoma de Galicia.

c) A cobertura da totalidade dos postos de traballo contemplados no catálogo.

d) A convocatoria dun concurso específico de méritos para a provisión da totalidade das prazas vacantes baseado exclusivamente en criterios obxectivos, excluindo a valoración de probas subxectivas e discrecionais como a entrevista persoal.

3º.- Comprometerse a non privatización e externalización dos servizos públicos de seguridade que actualmente prestan efectivos da UPA”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV REXPG-6zn8Xu99-5

Verificación

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 06/11/2025 11:57:56

Óscar Insua Lema na data 06/11/2025 11:58:02

María Montserrat Prado Cores na data 06/11/2025 11:58:09

Ana Pontón Mondelo na data 06/11/2025 11:58:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 12:00:33
Nº Rexistro: 38291
Data envío: 06/11/2025 12:00:33.818

CSV REXPC-6zn8Xu99-5
Validar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/11/2025 12:00:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 12:00:33
Nº Rexistro: 38291
Data envío: 06/11/2025 12:00:33.818



CSV REXPC-6zn8Xu99-5
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

